



## Departamento de Filosofía

IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

### PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO – PSICOLOXÍA (d)

#### UNIDADE 3 - CONTIDOS TEÓRICOS – PARTE II – VERDADEIRO OU FALSO

##### Instrucións:

Coloca unha V ou unha F (maiúsculas e que quede ben claro. Se tachas non hai problema, pero que se saiba perfectamente cal foi a túa última decisión) segundo creas que o enunciado é verdadeiro (V) ou falso (F). (Puntuación: **Cada pregunta acertada: 0,10 puntos cada unha;** NOTA MÁXIMA TOTAL: 2,5 PUNTOS

##### NOME, APELIDOS E CURSO:

---

##### Tempo estimado de execución – 30 minutos

1. A terapia cognitiva non ten como obxectivo modificar os pensamentos e crenzas do suxeito para que este afronte os problemas da vida.
2. O adestramento asertivo ten como finalidade ensinar a unha persoa a superar a ansiedade ante situacións interpersoais ou sociais. Para isto é fundamental que a persoa consiga a habilidade social de non dicir o que pensa e sinte para non ferir os sentimentos dos demais, aínda que sexa non defendendo os seus dereitos como persoa.
3. Na terapia familiar, o terapeuta non ten como obxectivo central tentar manter a unidade familiar a toda costa.
4. Unha característica da terapia psicanalítica é a interpretación. Durante a asociación libre, a análise dos soños e a transferencia, o terapeuta escoita e observa os patróns de conduta ou os conflitos ocultos do paciente.
5. A esquizofrenia caracterízase por ter delirios, alucinacións, fala desorganizada e deterioro do comportamento.
6. A esquizofrenia é un trastorno universal e está presente en todos os países.
7. As persoas que oen voces, senten temores, creñse perseguidos por inimigos invisibles ou actúan de forma extravagante sofren depresión.
8. Un criterio para diagnosticar a anorexia nerviosa non é a ausencia de dous ciclos menstruais.
9. A persoa con anorexia ten unha imaxe corporal distorsionada, unha preocupación excesiva pola comida e é moi pouco perfeccionista.
10. Un hipocondríaco ten unha preocupación excesiva de padecer unha enfermidade a pesar dos síntomas somáticos que el percibe.
11. No trastorno obsesivo-compulsivo (TOC), a obsesión é unha representación, idea ou impulso que persiste na mente sen motivo e non se pode suprimir voluntariamente.
12. O fármaco Prozac (fluoxetina) alivia os síntomas da depresión.
13. Na depresión bipolar, a persoa experimenta períodos de depresión e manía (un estado exaxerado e inxustificable de sobreexcitación e comportamento impulsivo).
14. Os homes son máis susceptibles de sufrir unha esquizofrenia ou unha depresión que as mulleres.
15. O trastorno de ansiedade xeneralizada posúe como característica distintiva o medo a morrer.
16. As persoas con agorafobia teñen medo a viaxar en autobús ou estar sos nunha praia deserta.
17. Cando unha persoa se sente ameazada, perseguida e vixiada por entes imaxinarios, dicimos que sofre unha ansiedade xeneralizada.
18. Hai tres modelos básicos de categorización das manifestacións psicopatolóxicas: biopsicosocial, cognitivo-condutual e biomédico.
19. Freud non foi o pioneiro do enfoque médico aplicado á psicopatoloxía.
20. A discapacidade psíquica parcial ou completa, transitoria ou permanente, non pode afectar ao pensamento, a afectividade e a conduta.
21. O enfoque condutual sinala que as conductas adaptadas e as desadaptadas apréndense.
22. Para a psiquiatría, as enfermidades mentais non teñen causas biolóxicas, igual que outras enfermidades.
23. Segundo Thomas Szasz, a conduta anormal non é unha conduta que se desvía das normas sociais.
24. É posible diferenciar de forma obxectiva entre a normalidade e o trastorno psicolóxico.
25. A psicopatoloxía non investiga as leis que regulan o comportamento anormal ou patolóxico.